

## Anuncio

Para os efectos oportunos, faise público que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense adoptou, na súa sesión ordinaria do día 8 de maio de 2020, o acordo de aprobación das bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións a pequenas empresas dos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia afectadas pola crise do COVID-19, consonte coas seguintes cláusulas:

### Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión, pola Deputación Provincial de Ourense, de subvencións a pequenas empresas dos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia afectadas pola crise do COVID 19.

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia non competitiva, previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015).

Ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na tramitación do procedemento non se realizarán notificacións de carácter individual, substituíndose estas pola publicación de anuncios na sede electrónica da Deputación, nos termos previstos na base sexta.

### Segunda.- Persoas beneficiarias das subvencións. Requisitos.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas ou xurídicas ou as entidades sen personalidade xurídica que cumpran os seguintes requisitos:

a) Exercer unha actividade económica nun municipio de menos de 20.000 habitantes da provincia de Ourense, figurando dados de alta no Imposto de actividades económicas.

Entenderase que a actividade se exerce nun municipio determinado cando o domicilio da actividade estea situado no dito termo municipal. Considerarase como domicilio da actividade económica o que figure na matrícula do Imposto de actividades económicas.

b) Trátase de pequenas empresas que cumpran de forma conxunta os seguintes dous requisitos:

i) Ter un número de traballadores inferior a dez persoas a data 14 de marzo de 2020.

ii) Ter, no exercicio 2019, unha facturación anual para os afectos do IVE inferior a un millón de euros.

c) Que a actividade económica realizada non se vise afectada polo peche obrigatorio durante o estado de alarma declarado como consecuencia da pandemia do COVID – 19.

Para estes efectos, non se terá en conta como situación de peche obrigatorio o período comprendido entre o 30 de marzo e o 9 de abril de 2020, no que, conforme ao establecido no Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, foron obxecto de paralización todas as actividades consideradas como non esenciais na dita norma.

d) Que a súa facturación para os efectos do IVE durante o período de 14 de marzo ao 30 de abril de 2020 se vise reducida nun 50 % ou máis con respecto á facturación media do exercicio 2019. Para estes efectos, a acreditación deste requisito realizarase mediante a comparación entre a facturación para os efectos do IVE realizada no 2019 declarada ante a Axencia Estatal Tributaria (dividida entre 12 e multiplicada por 1,5) e a facturación correspondente ao período entre o 14 de marzo e o 30 de abril de 2020 resultante do libro rexistro de facturas emitidas do solicitante.

### Terceira. Disponibilidade orzamentaria

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 23111 47906 ata un máximo de 550.000 € (cincocentos cincuenta mil euros).

A dispoñibilidade do dito crédito está condicionada á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos n.º 3/2020, aprobado inicialmente polo Pleno da Deputación Provincial de Ourense o 29 de abril de 2020 e sometido a información pública por prazo de quince días hábiles mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia do 4 de maio de 2020.

En consecuencia, as subvencións previstas nesta convocatoria sométense ao réxime de tramitación anticipada previsto no artigo 56 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, quedando condicionada a súa concesión á aprobación definitiva do referido expediente de modificación orzamentaria.

Cuarta.- Contía das subvencións

A subvención á que poderán acceder as persoas ou entidades solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria determinarase conforme ás seguintes regras:

- a) A subvención será idéntica na súa contía para todos os solicitantes.
- b) O importe da subvención determinarase unha vez pechado o prazo de presentación das solicitudes, dividindo o crédito orzamentario dispoñible entre o número de solicitudes con dereito a subvención.
- c) En todo caso, a subvención non poderá exceder de 1.000 euros por solicitante.

Quinta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación.

1. As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Ourense ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (norma vixente, conforme ao establecido na Disposición final 7ª da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

A presentación poderá realizarse de modo presencial ou telemático, neste último caso a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense (<https://sede.depourense.es> utilizando o trámite de solicitude de propósito xeral.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3. Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Un formulario normalizado, que se porá a disposición dos interesados na web da Deputación de Ourense. O formulario incluírá unha declaración responsable de non incorrer nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2000, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os interesados deberán indicar no formulario unha dirección de correo electrónico para o envío de avisos de publicacións na sede electrónica dos anuncios relativos ao procedemento.

b) Unha certificación actualizada de situación censual, expedida pola Axencia Estatal Tributaria con posterioridade ao 31 de decembro de 2019, na que se indique a actividade económica exercida e o domicilio da actividade económica.

c) Un documento RLC (Relación de liquidación de cotizacións) correspondente ao mes de marzo de 2020 ou, se é o caso, un documento TC1 do mesmo período.

d) Unha copia do modelo 390 presentado ante a Axencia Estatal Tributaria, no que se recolla o resumo anual da facturación por IVE correspondente ao exercicio 2019.

No suposto no que o solicitante non estea obrigado á presentación do modelo 390, presentarase unha certificación ou informe da Axencia Estatal Tributaria no que conste o resumo da facturación anual por IVE do exercicio 2019.

e) Unha copia do libro rexistro de facturas emitidas polo solicitante no período do 14 de marzo ao 30 de abril de 2020.

f) Un certificado de titularidade da conta corrente onde desexa que se realice o ingreso da subvención, expedido pola correspondente entidade de crédito.

g) No suposto no que o solicitante sexa unha persoa xurídica ou unha entidade sen personalidade xurídica, deberá achegarse unha copia da escritura de constitución da persoa xurídica, debidamente actualizada e inscrita no rexistro oficial correspondente, ou ben unha copia do contrato ou título constitutivo da sociedade civil, comunidade de bens ou entidade sen personalidade xurídica de que se trate.

h) Unha copia do poder de representación do interesado, no caso de que a solicitude se formule a través de representante.

A esixencia da documentación indicada xustifícase pola falla de dispoñibilidade de acceso a esta a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

4. De conformidade co establecido no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Deputación Provincial de Ourense consultará de oficio, a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas, a documentación acreditativa das seguintes circunstancias dos interesados:

a) Identidade da persoa física solicitante ou do representante da persoa física ou xurídica ou da entidade sen personalidade xurídica solicitante.

Non obstante o anterior, no suposto no que os interesados se opoñan expresamente á dita consulta, deberán achegar a seguinte documentación:

b) O DNI, o NIE ou un documento que o substitúa da persoa física solicitante ou do representante da persoa física ou xurídica ou da entidade sen personalidade xurídica solicitante.

Igualmente, no suposto no que por razóns técnicas resultase imposible a consulta de datos nas plataformas de intermediación, a Deputación poderá requirirllas aos interesados a presentación dos documentos correspondentes.

5. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información para a presentación da solicitude, as persoas interesadas poderán dirixirse á Deputación Provincial mediante un correo electrónico dirixido a [secretaria.xeral@depourense.es](mailto:secretaria.xeral@depourense.es), indicando a consulta que se formula e un teléfono de contacto. Esta posibilidade estará dispoñible durante os primeiros 15 días hábiles do prazo de presentación de solicitudes.

Sexta.- Tramitación e xestión das solicitudes e concesión de subvencións

1. Unha vez recibidas as solicitudes, os servizos administrativos da Deputación Provincial procederán ao seu estudo, tramitándose nos seguintes termos:

a) No caso de que a documentación presentada estivese incompleta, a Deputación publicará na súa sede electrónica un requirimento de emenda de deficiencias, concedendo un prazo de dez días hábiles para a presentación da documentación ou emenda de erros que proceda.

No anuncio de requirimento de emenda de deficiencias identificaranse aos interesados polo número de rexistro de entrada que figure na súa solicitude.

A Deputación remitiralles un correo electrónico aos solicitantes, á dirección de correo electrónico indicada na súa solicitude, cun aviso da publicación do anuncio na sede electrónica.

b) Concluído o proceso de instrución, a Presidencia ditará unha resolución co seguinte contido:

- As solicitudes non admitidas a trámite, por terse presentado fóra de prazo ou ser insuficiente a documentación presentada e non ter emendado en prazo as deficiencias documentais observadas.

- Solicitudes denegadas, por incumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria.

- Solicitudes concedidas, con indicación da contía da subvención aplicable.

A resolución que se dite publicarase na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense, servíndolles este anuncio de notificación aos interesados. A Deputación remitiralles un correo electrónico aos solicitantes, á dirección de correo electrónico indicada na súa solicitude, cun aviso da publicación do anuncio na sede electrónica.

No dito anuncio, a identidade dos solicitantes realizarase mediante o número de rexistro de entrada da súa solicitude.

2. O pagamento das subvencións concedidas realizarase de oficio, mediante unha transferencia á conta corrente indicada polos solicitantes, no prazo máximo de quince días naturais dende a data de publicación na sede electrónica da resolución de concesión.

Sétima.- Xustificación da subvención. Control financeiro

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia no solicitante da situación definida na base 2ª, as subvencións entenderanse xustificadas polo acto da concesión.

Sen prexuízo do anterior, a Intervención da Deputación poderá realizar controis financeiros das subvencións pagadas e concedidas, de conformidade co establecido no Título III da Lei xeral de subvencións. Agás no caso de que as actuacións de control financeiro se estendan á totalidade dos beneficiarios, a súa realización levarase a cabo sobre unha mostra determinada de xeito aleatorio, debendo quedar constancia no expediente do procedemento seguido para a súa determinación.

Se no procedemento de control financeiro se advertise a existencia de causas legais de reintegro previstas na Lei xeral de subvencións, a Deputación iniciará de oficio os expedientes correspondentes, dentro do prazo de prescrición da acción de reintegro.

Oitava.- Compatibilidade

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda concedida polo Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia ou por calquera outra administración pública diferente á Deputación Provincial de Ourense.

Novena. - Normativa Supletoria

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

Décima.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: [info@depourense.es](mailto:info@depourense.es)

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: [dpo@depourense.es](mailto:dpo@depourense.es)

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria.

En cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación na Base de Datos Nacional de Subvencións e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense.

Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 20.8.b) da Lei xeral de subvencións, non serán obxecto de publicación os datos persoais dos beneficiarios, que unicamente se lles cederán a terceiros nos supostos previstos no apartado e) desta base, se é necesario para a satisfacción do interese lexítimo seguido polo responsable do tratamento o polo terceiro ao que se comuniquen os datos, sempre que non prevaleza o dereito do interesado de acordo coa normativa de protección de datos.

Para estes efectos, na publicación que se realice as solicitudes serán obxecto de identificación mediante o número de rexistro de entrada da solicitude. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa actual convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Sen prexuízo do anterior, os datos subministrados polo solicitante poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- A membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do/a interesada/o titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Contra este acordo pódese interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido nas Disposicións adicionais 2ª, 3ª e 4ª do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria causada polo COVID – 19, o cómputo dos prazos indicados non se iniciará durante a vixencia do estado de alarma. Os prazos indicados, por tanto, deberán computarse dende o día seguinte ao do remate do estado de alarma.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.

Ourense, 8 de maio de 2020

O presidente,